

COPIA AUTÉNTICA. El documento electrónico ha sido aprobado. Este documento ha sido firmado por Xefía de Servizo de Servizos Sociais (LORENA ARANZAZU ABAD CARRERA) a las 07:57 del día 02/03/2026. Mediante el código de verificación 6P6C4H4533574D3C18J4 puede comprobar la validez de la firma electrónica de los documentos firmados en la dirección web https://sede.coruna.gal



Concello da Coruña

Área / Unidade ASISTENCIA SOCIAL AS0000B MAD	Documento 1051AI07F7	
Código de verificación  6P6C 4H45 3357 4D3C 18J4	Expediente 105/2024/8193	
	Fecha 27-02-2026	

A.- ANTECEDENTES

A Concelleira delegada responsable da Área de Benestar Social, Participación e Igualdade, o día 11/12/2024 (documento CSV 3153 0A20 285H 365C 15X8) aprobou a convocatoria de axudas para o transporte en taxi de persoas con discapacidade (tamén denominadas Bono-Taxi) para o exercicio 2025, por un importe de 125.000 euros, imputables á aplicación 51.231.480.06.

Primeiro. - Aprobar anticipadamente a convocatoria específica de concesión, en réxime de concorrencia non competitiva, de axudas destinadas a apoiar o transporte en taxi de persoas con discapacidade do Concello da Coruña para o ano 2025 (documento CSV 3K2N 2A3M 1F3B 3Z5B 0COB na súa versión en castelán e CSV 311º 3W6K 666K 2E4P 05TB na súa versión en galego) no marco da Ordenanza Municipal de bases Reguladoras Xerais de Subvencións do Concello da Coruña, aprobada definitivamente polo Pleno da Corporación en sesión celebrada o día 6 de xuño de 2024 e publicada integramente no Boletín Oficial da Provincia o día 16 de agosto de 2024, que se unen ao expediente formando parte deste para tódolos efectos, cun importe de 125.000,00 €.

Segundo. - Reter crédito para esta convocatoria de axudas con cargo á aplicación orzamentaria 51.231.480.06:

- Anualidade 2025: 84.500,00 €, para a imputación do gastos dos meses de xaneiro a novembro do 2025
- Anualidade 2026: 40.500,00 €, para a imputación do gasto do mes de decembro de 2025

En todo caso, a concesión das subvencións previstas nesta convocatoria quedará condicionada a existencia de crédito axeitado e suficiente nos exercicios de referencia no momento da resolución da concesión.

En todo caso, a concesión das subvencións previstas nesta convocatoria quedará condicionada a existencia de crédito axeitado e suficiente nos exercicios de referencia no momento da resolución da concesión.

Un extracto da convocatoria foi publicada no BOP núm. 242 de data 17/12/2024, identificada na BDNS con referencia 802328.

- Versión en castelán: Documento CSV 3K2N 2A3M 1F3B 3Z5B 0COB
- Versión en galego: Documento CSV 311O 3W6K 666K 2E4P 05TB

O 24/04/2025 (RES/AYT/7564/2025) a Concelleira delegada responsable da Area de Benestar Social, Participación e Igualdade, resolveu ampliar a convocatoria de concesión de axudas para o pagamento de axudas destinadas apoiar o transporte en taxi de persoas con discapacidade do Concello da Coruña para o ano 2025 nun importe de 29.350,00, quedando a convocatoria cun crédito final de 154.350,00 euros que se imputarán 104.066,67 euros na anualidade 2025 e 50.283,33 euros na anualidade 2026.



Concello da Coruña

B.- CONTIDO DO ANUNCIO

A Concelleira delegada do Área de Benestar Social, por delegación da Xunta de Goberno Local resolveu o 27/02/2026 (RES/AYT/3490/2026):

.- Iniciar de oficio o procedemento de revogación e perda do dereito á cobranza da axuda económica concedida o 24/04/2025 pola Concelleira delegada do Area de Igualdade, Benestar Social e Participación (RES/AYT/9413/2025) *de axudas destinadas a apoiar o transporte en taxi de persoas con discapacidade para o ano 2025* respecto das persoas incluídas nas seguintes listaxes:

- Tabla BDNS –Revocaciones por incumplimiento de finalidad de la convocatoria.
Documento CSV 1I4H 1N4N 6N0X 5T6D 1BQ3
- Listado de personas afectadas por las revocaciones.
Documento CSV 3D68 5E3V 3J17 2J26 0CD6

O inicio do procedemento de revogación iniciouse polos motivos que se fan constar na columna "MOTIVO", debendo diferenciar as seguintes causas:

- Falecemento
- Traslado a residencia fora do termo municipal
- Activo no padrón

SEGUNDO.- Coa finalidade de dar publicidade a este acordo de inicio, publicarase un anuncio do órgano instrutor no taboleiro de anuncio e edictos do Concello da Coruña.

TERCEIRO.- Abrir un prazo de quince (15) días hábiles, que se contarán dende o día seguinte ó de publicación deste anuncio do órgano instrutor no taboleiro de anuncios e edictos do Concello da Coruña, durante o que as persoas interesadas poderán presentar documentos ou alegar o que estimen conveniente para a defensa dos seus dereitos, de conformidade co previsto nos artigos 76.1 e 82 da Ley 39/2015, de 1 de octubre, del Procedimiento Administrativo Común de las Administraciones Públicas.

A listaxe que acompaña este acordo recolle por filas, para cada persoa solicitante, os seguintes campos:

DENOMINACIÓN DA COLUMNA	EXPLICACIÓN DO CONTIDO DA COLUMNA
Expediente	Número de expediente asociado
IMPORTE DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA	Total concedido logo da revogación proposta
IMPORTE DA SUBVENCIÓN DO EXERCICIO CORRENTE	Importe concedido 2025 atendendo á modificación da concesión por revogación total ou parcial
MOTIVO	Motivo que provoca a revogación da axuda de conformidade co previsto na convocatoria.
EFFECTOS	Momento no que se producen os efectos da baixa

C.- INFORMACIÓN ADICIONAL SOBRE O CONTIDO DO ANUNCIO

A información relativa á proposta de inicio do procedemento de revogación de axudas pode consultarse nos seguintes medios:

- Taboleiro de anuncios e edictos municipal: [coruna.es](https://sede.coruna.gal/opensiac/action/infopublica?method=enter&edictos=true)
<https://sede.coruna.gal/opensiac/action/infopublica?method=enter&edictos=true>
- Páxina web de servizos sociais:
<https://www.coruna.gal/servizossociais/gl?argldioma=gl>



Concello da Coruña

O prazo de presentación de alegacións será de quince (15) días hábiles, comezando a contarse este prazo ao día hábil seguinte ao da publicación deste anuncio no Taboleiro de anuncios e edictos do Concello da Coruña.

Segundo a data prevista da publicación do anuncio, o prazo para presentar a documentación requirida é dende o día 3 ao 24 marzo do 2026, ambos incluídos.

Dentro deste prazo as persoas beneficiarias e interesadas poderán aducir alegacións e aportar documentos y outros elementos de xuízo que serán tidos en conta polo órgano instrutor e o órgano competente ao redactar a correspondente proposta de resolución definitiva, nos seguintes sitios e formas:

- De forma presencial: nas oficinas dos rexistros municipais de María Pita, Ágora, Fórum, e a Franxa.
- De forma telemática ou electrónica: na sede electrónica do Concello da Coruña.
- Por calquera outro medio dos que permite o artigo 16.4 da Lei 39/2015 do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

A Coruña, na data de sinatura electrónica do presente documento.

A Xefa de Servizo de Servizos Sociais

Lorena Abad Carrera